



ACTA ÚNICA DA REUNIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA A AVALIACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAIS E TRANSNACIONAIS DOS GALPs PARA A 1ª CONVOCATORIA DE 2018

MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN

PRESENTES

Susana Rodríguez Carballo (Presidenta titular)	X
Enrique Diego Fernández Pérez (Secretario titular)	X
Montserrat Castro Vázquez (vogal titular)	X
Juan Carlos Barreiro González (vogal titular)	Ausente
Sonia Lorenzo Santos (vogal titular)	X
María Luz Lamas Ferreiro (vogal suplente)	X

Nas dependencias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en Santiago de Compostela, sendo o 12 de abril de 2018 ás 10:10 horas, reúnense en convocatoria única os membros do Comité de selección recollidos como presentes.

Os 4 membros titulares presentes e a vogal suplente presente aparecen designados na Resolución da Conselleira do Mar 16 de setembro de 2016 pola que se designan os membros do Comité de selección para a avaliación das solicitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs.

Existe o quorum necesario para a válida adopción de acordos.

Actúa como presidenta do comité Susana Rodríguez Carballo e como secretario, con voz e voto, Enrique Diego Fernández Pérez.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité está sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O motivo deste reunión é o establecido na orde do día:

**ORDE DO DÍA:**

1. Constitución do Comité de Selección.
2. Recordatorio aos membros do Comité da política antifraude que se está a levar a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro como Organismo Intermedio de Xestión do Femp.
3. Posibilidade de nomear asesores do Comité.
4. Valoración de solicitudes.
5. Emisión de informe co resultado da selección e proposta de concesión.
6. Rogos e preguntas.
7. Aprobación da acta.



#### DELIBERACIÓNS:

Incorpórase como vogal suplente María Luz Lamas Ferreiro no lugar de Juan Carlos Barreiro González (vogal titular).

Con carácter previo á constitución do Comité todos os membros presentes do mesmo asinan declaración responsable de non ter conflito de intereses neste asunto.

Dase conta da política antifraude no marco do FEMP que a DX de Desenvolvemento Pesqueiro, como Organismo Intermedio de Xestión, está a levar a cabo. Faise entrega dunha copia da Declaración da Dirección Xeral do Desenvolvemento Pesqueiro do 1 de xaneiro de 2017.

Revisase o informe de instrucción no que se constata a viabilidade técnica e económica das catro solicitudes que poden ser valoradas así como a necesidade de arquivo doutro proxecto por non ser axeita ao requirido na Orde de axudas.

Os catro proxectos propostos polo órgano instrutor superan a nota mínima fixada pola Orde de axudas para poder ser subvencionados.

Revisanse polo miudo as partidas de cada unha das actividades e por anualidades facéndose os axustes necesarios.

Non se precisa fixar lista de reserva por atenderse todas as solicitudes.

Acórdase tamén aprobar a acta ao final da reunión polo que se procede a súa lectura.

#### ACORDOS ADOPTADOS:

Apróbbase por unanimidade a constitución do Comité de Selección, actuando María Luz Lamas Ferrerio como vogal por suplencia.

Apróbbase por unanimidade o nomeamento como asesoras, con voz e sen voto á xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca e a técnica de Tragsatec asignada á encomenda de xestión dos GALPs.

Apróbbase por unanimidade a aprobación dos criterios de selección das candidaturas así como a valoración das solicitudes tal e como figuran no anexo I desta acta.

Apróbbase por unanimidade a proposta de selección das catro solicitudes polos importes que se recollen no anexo II.

Apróbbase por unanimidade esta acta ao remate da reunión, non tendo máis que tratar se levanta a sesión, ás 11:50 horas do citado día, de todo o que eu, secretario, certifico, asinando comigo a presidenta.

Visto e prace da presidenta  
  
Susana Rodríguez Carballo

O secretario  
  
Enrique Diego Fernández Pérez